

ANUNCIO

ASUNTO: APERTURA PRAZO PRÓRROGA DA BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIONES TEMPORAIS DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

En data 31/01/2019 ditouse a Resolución de Alcaldía 28/2019 que de seguido se transcribe:

ANTECEDENTES:

1. No BOP núm. 65 do 05/04/2017 saíu publicada a modificación da base 12 das reguladoras da bolsa de traballo para contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos de persoal para o servizo de axuda no fogar no Concello de Moeche, publicadas orixinalmente no BOP núm. 125 do 04/07/2016.

2. Na citada base duodécima, donde explica o proceso de prórroga da bolsa de emprego, di que cada ano se abrirá un prazo que contará dende o 1 ao 28 de febreiro. Durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na bolsa poderán presentar novos méritos e aqueles interesados que non figuren poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir o prazo desde o 01/02/2019 ao 28/02/2019 para que as persoas que xa figuran inscritas na bolsa presenten novos méritos, así mesmo aqueles interesados que non figuren na mesma poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa de acordo co establecido na cláusula sexta das bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do período de actualización.

Segundo.- A nova lista exporase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

En Moeche, xoves 31 de xaneiro de 2019.

A alcaldesa,

Beatriz Bascoy Maceiras

